

Cando se pode falar de acoso escolar?


A coeducación,
a mellor das
herdanzas

Proxecto
interdisciplinar







Non perdas o Culturalgal, a Feira da cultura galega que se vai celebrar en Pontevedra o 29 e 30 de novembro e o 1 decembro. Toda a información en www.culturalgal.com.




Manuel Álvarez Torneiro vén de gañar o Premio Nacional de Poesía co seu poemario en galego *Os ángulos da brasa*. Orgullosos/as da nosa lingua!




200 preguntas, 3 concellos, 5 campos... iso é o Trivial da Terra de Melide. Descárgalo para Android dende <http://ir.gl/b08d4e> e a ver canto sabes!



A promoción da nosa lingua perdeu con Feijoo o 67% do seu orzamento. Fraga dedicáballe o 0,43% do presuposto da Xunta, Feijoo o 0,06%. Todos os datos en <http://ir.gl/27778d> e <http://ir.gl/8cf5b9>.



Máis de 500 inscritos nos I Premios Galegos da Música Martín Códax. Podes seguir as votacións e gozar da súa música en <http://ir.gl/f8147e/> Orgullosos/as da nosa música!



Queres saberlo todo sobre o mundo dos coches e das motos? Entón tes que ler Sprint Motor, a revista galega dedicada ao mundo do motor. www.sprintmotor.com/

A pregunta

Cando se pode falar de acoso escolar?




Responde: Nuria Míguez Mon

(Orientadora do CPI Aurelio Marcelino Rey García (Cuntis - Pontevedra))

Hai varios elementos que deben darse nunha **conduta** para que poida falarse de “acoso escolar” (tamén chamado “maltrato entre iguais” ou “bullying”) e non confundila con outras agresións que, aínda que sexan puntuais, e absolutamente rexeitables e sobre as que tamén hai que intervir de forma inmediata e efectiva, non constitúen unha situación de acoso escolar. Eses elementos serían, fundamentalmente, a **intencionalidade**, o **desequilibrio de poder**, a **indefensión** e a **repetición**.

Tamén temos que ter claro que cando falamos de acoso escolar non falamos só de **agresións físicas** (pelexas, calugadas, destrozar ou agochar cousas), senón tamén de **intimidacións verbais** (insultos, alcumes, falar mal de alguén, pintadas no encerado), **intimidacións psicolóxicas** (ameazas, provocar medo, obrigar a alguén a facer cousas que non quere), **illamento social** (ignorar, desprezar, excluír das actividades, deixar só no patio, facer parellas ou grupos sen contar con esa persoa) ou **ciberacoso** (mensaxes ao móbil ou a través de internet). Estas condutas convértense, como dicíamos antes, en acoso escolar cando existe a **intención de facer dano**, ao minar primeiro a autoestima da vítima, crear unha situación na que esta se sinta indefensa, incapaz de pedir axuda ou de saír desta situación por si soa... e que sitúa o **acosador/a** nun plano de **superioridade sobre a vítima** ao permitir que a conduta se repita, teña **continuidade** no tempo.



Se difícil resulta a tarefa de educar, moito máis resulta aínda a de **coeducar**. Educar para a igualdade real entre **nenas e nenos, mulleres e homes, significa inventar algo novo, ofrecerlles ás nosas fillas e fillos algo que nós non recibimos na nosa infancia nin na vida adulta e que, por desgraza, non se pode adquirir en ningunha tenda. Se a isto engadimos que o primeiro principio da educación é predicar co exemplo, que aprendemos máis do que vemos facer que dos discursos que escoitamos, a dificultade resulta evidente: o sexismo presente en toda a sociedade apréndese e reproducése en gran medida nos fogares, na maior parte dos casos de maneira acrítica e inconsciente.**

A coeducación, a mellor das herdanzas

M^a Sonia Fernández Casal

[Docente de Matemáticas no IES Fontexería (Muros-A Coruña)]

Lonxe de botarlles a culpa ás familias, especialmente ás mulleres, como responsables de perpetuaren o machismo –argumento inxusto onde os haxa, pero que se escoita acotío–, cómpre reivindicar a capacidade de cambiar a sociedade dende as pequenas accións do día a día, especialmente cando afectan ás **nenas e nenos do presente, persoas adultas do futuro.**

Velaquí algúns exemplos de actitudes que podemos coidar para romper a correa de transmisión do sexismo no contorno familiar:

a) dirixirnos a **nenas e nenos** co mesmo ton de voz e expresións; permitirles chorar a ambos se se mancan ou están tristes, regalar bicos, apertas e aloumiños sen diferenzas de sexo, por parte de nais e pais. Favorecer tamén a expresión e xestión das emocións, especialmente no caso dos **nenos**, ensinándolles que hai crenzas que resultan erradas (prexuízos) e non deben reproducir.

b) permitir e promover que **nenas e nenos** xoguen xuntos: que as **nenas** corran, gabeen, lixen a roupa, xoguen ao fútbol... coa mesma liberdade que o fan os **nenos**. Que os **nenos** xoguen ás **casiñas**, aos **papás**... coa mesma liberdade que o fan as **nenas**.



Amosarlles que non existen xogos de nenos e xogos de nenas, a pesar do que perciban como socialmente aceptable. Por suposto, fomentar xogos, xoguetes e contos non sexistas.

c) vestir as nenas con roupa e calzado cómodos que lles permitan explorar a súa contorna e as súas habilidades físicas en condicións favorables. Evitar comentarios reiterados por parte de persoas adultas sobre o seu aspecto



físico: *"que guapa estás, que vestido tan bonito"*, poñendo en valor outras cualidades que lles permitan ter unha maior confianza en si mesmas.

d) dar protagonismo ás nenas nas intervencións públicas, prestándolles a mesma atención que reciben os nenos.

e) ensinar a participar das tarefas domésticas por igual: poñer ou recoller a mesa, facer a cama, regar as plantas, facer a compra... De adultos precisarán saber facelo!

f) evitar as expresións pexorativas sobre cada sexo, promovendo unha visión positiva de ambos, sen asignar comportamentos preestablecidos.

En definitiva, dar unha oportunidade á igualdade entre nenas e nenos representa unha aposta por criar persoas máis libres, autónomas e completas do que nos aprenderon a nós. Significa facilitarlle a vida a unha xeración que se enfrenta a un porvir no que todo vai ser cambiante e no que, sen dúbida, as relacións sociais, as relacións entre homes e mulleres, entre a vida doméstica e a laboral, van experimentar transformacións considerables.

De nós depende que sexa para mellor.

{PROXECTO INTERDISCIPLINAR}

Nos boletíns de notas de 1º da ESO aparece unha materia denominada

Proxecto Interdisciplinar que moitas veces provoca certo desconcerto entre as familias, pois non se sabe moi ben que é nin que se fai nela.

Foi a LOE a que introduciu o Proxecto no currículo do primeiro curso. Ten asignada unha hora semanal, e é dirixido, preferiblemente, polo titor ou titora do grupo. Falando propiamente, non poderíamos dicir que é unha materia, porque do que se trata é de levar



adiante unha investigación ou tarefa (de aí o nome de "Proxecto"), utilizando o maior número posible de coñecementos e habilidades. Procúrase que haxa varios departamentos implicados (especialmente os de linguas e o de tecnoloxía) e que os rapaces aprendan a traballar de xeito autónomo, utilizando fontes de información diversas. O resultado final deberá presentárselles aos demais compañeiros nunha exposición oral ou escrita. O proxecto interdisciplinar vaise avaliando trimestralmente, pero non ten unha cualificación nas actas finais. Porén, dálle unha información moi valiosa ao profesorado sobre a competencia xeral dos estudantes.

CADENCIAS

Gracia Santorum

Para escoitar

Pan de millo [Migallas, Ed. Kalandraka]. Libro disco con 14 cancións infantís e versións de temas tradicionais do grupo Migallas xunto coas ledas ilustracións de Dani Padrón. Co proceso de elaboración do pan de millo como fio condutor, o libro e as cancións axudan a recuperar a memoria dos avós, ademais de procurar un divertimento. Os temas tratan cuestións actuais como a colaboración fronte á competición, a promoción da paz ou o exceso de actividades extraescolares, incluíndose propostas da expresión plástica ou dramática.



Para ler...

Oliver Twist [C. Dickens, Ed. Baía]. Nesta fermosa edición da editorial Baía poderemos coñecer as desventuras de Oliver Twist, un neno orfo de nove anos que sofre explotacións, fame e maltrato. Mesmo terá de se converter en ladrón para sobrevivir. Unha adaptación magnífica da novela de Charles Dickens, un clásico que non debe faltar en ningún fogar, xa que é un libro atemporal que constituíu a primeira novela inglesa cun neno como protagonista onde destaca o escasamente romántico tratamento do mundo dos criminais e as súas sórdidas vidas.

Para facer

Esta é unha recomendación xeral, a de acudir ao teatro sempre que poidades, cando haxa unha función na vosa vila, na vosa cidade, unha función infantil, unha función de actores e actrices afeccionados/as, de profesionais. Dá igual, é importante que os máis pequenos comprendan que esta arte é un xénero diferente, unha boa opción para rir, para emocionarse, para chorar... Procuremos que a última vez que fomos ao teatro non sexa a derradeira, que non desapareza o teatro.



Da lingua

A roupa de domingo

Como cada curso escolar, moitos dos esforzos dos equipos de normalización e dinamización lingüística dos centros educativos céntranse en organizaren un calendario anual de actividades en torno ás celebracións culturais que comezan en novembro polo Samaín e rematan polo 17 de maio, co Día das Letras Galegas. E hai que recoñecer que, sen o esforzo e entusiasmo dos equipos, moitas desas actividades festivas terían menos éxito, ou nin sequera chegarían a se celebrar. Non obstante, ás veces semella que os equipos de normalización fican reducidos a unha especie de comisión de festas, encargada de “animar” as datas festivas marcadas no calendario oficial, deixando nun segundo plano outras angueiras máis evidentes, como a necesaria promoción da lingua no día a día, tanto dentro das aulas como fóra delas.

Tamén as familias debemos entender que a lingua galega non constitúe unha especie de “roupa de domingo” que se usa só en ocasións especiais, e que logo se garda no armario, entre bólas de alcanfor, para que non se desgaste polo uso que se lle podería dar nos días laborais. Pois semella que estamos moi orgullosos de *vivir como galegos*, mais non tanto de *falar* como tales.

Este uso *folclórico* do idioma non pode resolverse con ningunha lei ou decreto educativo: somos nós, pais e nais, os que debemos dar un paso adiante, para que a lingua non resulte un adorno exótico nas vitrinas dos museos, senón unha ferramenta útil nas nosas bocas.

E mentres todos nós non asumamos estas contradicións, seguiremos a predicar, mais sen dar trigo.

